

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de agosto de 2016

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás catorce horas e tres minutos do día vinte e nove de agosto de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Non asiste a ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, que xustificou a súa ausencia por encontrarse de vacacións, nin os señores DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ e DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 16extractoap10

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-8-2016

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/152 PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DO SORTEO DE FORMACIÓN DE MESAS ELECTORAIS MEDIANTE ORDENADOR.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar as seguintes normas para a designación dos membros que formarán as Mesas Electorais no municipio de Lugo:

A) SORTEO PARA OS MEMBROS DAS MESAS:

1.- Farase un sorteo automático mediante un programa informático, que irá obtendo números aleatorios para extraer da lista do censo electoral cada membro para nomear.

A orde do sorteo será secuencial, comezará pola primeira mesa do primeiro distrito, ata completar os NOVE distritos existentes.

A cada membro de mesa asígnaselle un ordinal: 1º para o/a presidente/a, 2º para o/a primeiro/a vogal, 3º para o/a segundo/a vogal, 4º para o/a primeiro/a suplente do/a presidente/a, 5º para o/a segundo/a suplente do/a presidente/a, 6º para o/a primeiro/a suplente do/a primeiro/a vogal, 7º para o/a segundo/a suplente do/a primeiro/a vogal, 8º para o/a primeiro/a suplente do/a segundo/a vogal e 9º para o/a segundo/a suplente do/a segundo/a vogal, que determinará a secuencia en cada mesa electoral.

O programa obterá os números de maneira aleatoria, baseándose nunha fórmula matemática que utilice as funcións internas do ordenador, e identificará na lista numerada do Censo Electoral o nome da persoa a quen corresponda o número seleccionado. De reunir as condicións para ser membro de mesa, quedará designada; se non fose así, buscará a seguinte que reúna as condicións legais para selo entre os electores que figuren censados na correspondente mesa.

Cada membro designado irase gravando nun arquivo que servirá, unha vez terminado o proceso, para obter as relacións e notificacións, de conformidade cos modelos cuxo uso foi autorizado pola Xunta Electoral de Zona.

2.- Así mesmo, e de conformidade coas conversacións mantidas coa Xunta Electoral de Zona, procederase a elaboración dunha lista de reserva para os casos que sexa necesario efectuar o seu nomeamento en función das escusas e incidencias que se produzan. Para a confección desta lista, seguiranse os criterios de sorteo e selección sinalados no parágrafo anterior, tendo en conta que para o cargo de Presidente se sortearán oito suplentes e para o cargo de Vocais quince.

B) FÓRMULAS EMPREGADAS NO PROGRAMA DO SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS

Fórmula da secuencia xeral (utilízanse as funcións internas do ordenador):

U_n = número aleatorio(N_i , N_f)

U_n = número obtido para extraer o número da lista do censo.

N_i = número inicial da lista do censo para a mesa.

N_f = número final da lista do censo para a mesa.

No caso de non variar o número para o seguinte membro da mesa, repítese a execución da función xeral ata obter un número diferente.

No caso de non cumprir as condicións legais establecidas, repetirase a execución da función xeral, ata obter un elector que as cumpra.

C) CONDICIÓNS PARA SER PRESIDENTE/A DE MESA OU SUPLENTE DESTE/A, SEGUNDO A LEI DE RÉXIME ELECTORAL XERAL (ART. 26.2):

1. Ser menor de 70 anos.
2. Posuír, como mínimo, o título de bacharelato ou o de formación profesional de segundo grao, ou, subsidiariamente, o de graduado escolar ou equivalente.

D) CONDICIÓNS PARA SER VOGAIS OU SUPLENTES DELES, SEGUNDO A LEI DE RÉXIME ELECTORAL XERAL (ART. 26.2):

1. Ser menor de 70 anos.
2. Saber ler e escribir.

2/153 CELEBRACIÓN DO SORTEO E FORMACIÓN DE MESAS ELECTORAIS.-
Convocadas Eleccións ao Parlamento de Galicia para o día 25 de setembro de 2016, correspóndelle ao Pleno da Corporación o sorteo dos membros para a formación das mesas electorais, polo que, tras autorización previa da Xunta Electoral (mediante fax remitido o día 22 de agosto de 2016), procedeuse á súa realización a través de medios informáticos.

3/154 FORMACIÓN DUNHA LISTA ADICIONAL DE RESERVA PARA OS CASOS EN QUE SEXA NECESARIO PROCEDER A UN NOVO NOMEAMENTO.-
Efectuado o sorteo para a formación das mesas electorais para as vindeiras Eleccións ao Parlamento de Galicia que terán lugar o día 25 de setembro de 2016, e de conformidade coas conversas mantidas coa Xunta Electoral de Zona, cómpre así mesmo a elaboración dunha lista de reserva para os casos que sexa necesario efectuar un novo nomeamento en función das excusas ou incidencias que se produzan, seguindo os mesmos criterios de sorteo e selección que os empregados para a formación das mesas electorais, sorteándose por cada mesa oito suplentes do Presidente e quince para o cargo de Vocais, procedeuse a realizar dito sorteo.

